

AUTORES E OBRAS 1900-1936.

IRMANDADES DA FALA.

- ANTONIO NORIEGA VARELA. (Mondoñedo, 1869 – Viveiro, 1947).

1. **Notas biográficas:** Poeta mindoniense, edúcase no seminario da súa cidade natal, onde inicia a súa formación literaria. A súa profesión de mestre lévao a vivir en distintos lugares de Galicia, o que lle permite entrar en contacto con distintos intelectuais e escritores da época, dos que recibe a súa impronta: primeiro de Leiras Pulpeiro en Mondoñedo; en Foz entra en contacto co galeguista e escritor Antón Vilar Ponte e co movemento agrario, en Trasalba con Otero Pedrayo e co Grupo Nós en Ourense, que o achegan á literatura portuguesa, nomeadamente á obra de Teixeira de Pascoaes, quen deixará unha importante pegada na súa obra de madurez.

2. A súa **obra poética** consta de dous títulos –en realidade diferentes edicións do mesmo poemario- revisados e reeditados en varias ocasións: *Montañasas* (1904/1910) e *Do ermo* (1920/1929/1946). Neles pódense diferenciar dúas liñas temáticas:

-poesía costumista e ruralista: influída polos autores do século XIX, nela están presentes os motivos paisaxísticos, costumes, tradicións e vida dos campesiños de Mondoñedo. En canto á forma, Noriega mostra un gran dominio da lingua e métrica popular.

-poesía modernista e saudosista: recibe influencias de Rubén Darío, Teixeira de Pascoaes e dos clásicos latinos. Poesía culta e refinada, onde se converte en poeta das cousas pequenas (os vermes, as espiñas, as fontes, as flores, as folerpas de neve...) cunha actitude de atracción polo humilde e polo desamparado. **O franciscanismo** é unha manifestación literaria de profunda relixiosidade do autor que concibe a obra como un canto de grandeza de Deus e que ve nos elementos da natureza símbolos das virtudes cristiás: a humildade, a pobreza, a piedade, etc...

-RAMÓN CABANILLAS (Cambados, 1876-1959)

1. **Notas biográficas:** Ramón Cabanillas naceu en Cambados en 1876. Estudou no Seminario Menor de Santiago. Entre 1910 e 1916 reside en Cuba, onde comeza o seu labor literario e entra en contacto coa intelectualidade galeguista; publica aí os dous primeiros poemarios, impregnados dos idearios galeguista e agrarista.. En 1916 regresa a Galicia e desempeña labores burocrático. Pasa os últimos anos no mosteiro de Samos e morre en 1959.

Durante a súa vida estivo presente nos acontecementos máis salientables: apoiou o agrarismo, formou parte das Irmandades da Fala, publicou na revista Nós, participou nas actividades do SEG e foi membro da RAG e RAE.

É o poeta máis sobresaínte da época pero debido á súa lonxevidade e que se deu a coñecer como escritor serodiamente, a crítica coincide en sinalar a dificultade de

adscribilo a un grupo ou xeración determinada. Con todo, polas características da súa obra (claramente prevangardista), é máis pertinente estudalo no período intersecular.

Na obra de Cabanillas atopamos o alento social de Curros, a liña intimista de Rosalía e o ton épico de Pondal. Ademais vese certa influencia do Modernismo (Rubén Darío), do simbolismo francés (Baudelaire, Rimbaud, Verlaine) e o saudosismo portugués na súa obra.

Adóitase distinguir dous tipos de poesía neste autor:

-Na **poesía** podemos destacar dúas modalidades: a lírica e a narrativa.

Dentro da **lírica** fixo poemas **intimistas**, amorosos, con recreacións da natureza e a evocación do pasado. En *A rosa de cen follas* (1927), a influencia de Rosalía é evidente xa desde o título, tirado dun verso de *Follas Novas*; os poemas **cívicos ou sociais** como *Da terra asoballada* (1917), onde recolle postulados agraristas e o ideario das Irmandades da Fala (Cabanillas é proclamado sucesor de Curros) e poemas **costumistas**, onde recrea tipos e costumes rurais desde unha perspectiva crítica e humorística, un exemplo é a súa obra *Antífona da cantiga* (1951).

Na poesía **narrativa** recrea un pasado cheo de esplendor e augura un futuro esperanzador para Galicia. As obras máis importantes son *O bendito San Amaro* (1925) e *Na noite estrelecida* (1926). Esta última é un longo poema narrativo, dividido en tres sagas: *A espada Escalibor*, *O Cabaleiro do Santo Graal* e *O soño do rei Artur*, baseadas en temas da materia de Bretaña e tamén da épica céltica e da tradición cristiá adaptadas a reconstruír o pasado mítico de Galicia.

Na evolución literaria de Cabanillas distinguimos catro fases:

-**Etapa de formación** (1910-1915): (pregaleguista/agrarista). Predomina a temática intimista e social (denuncia a miseria dos labregos, defende a supresión dos foros e dos caciques). Nesta época publica *No Desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915).

-**Etapa decisiva** (1916-1920): (galeguista). Influenciado polas Irmandades da Fala, trata de achegar as ideas galeguistas ao pobo galego mediante poemas de carácter didáctico. É un poeta civil que loita polos intereses de Galicia: defensa da lingua e de Galicia como nación. Nesta época escribe *Da terra asoballada* (1917) e a obra teatral *A man da santiña* (1921).

-**Etapa mítico-saudosista** (1920-1931):(nacionalista).Obsérvase a influencia pondaliana nunha poesía empeñada en reconstruír o pasado mítico de Galicia. As obras máis representativas son: *Na noite estrelecida* (1926) e o drama *O mariscal* (1926). Destaca a lingua elaborada e a métrica de corte clásico.

-Etapa de madurez (1939-1959): (intimista) Coincide cos seus últimos anos de reclusión no mosteiro de Samos. A poesía deste período é intimista autorreflexiva e segue unha liña de pesimismo existencial conseguido cun ton poético grave e contemplativo e co uso do verso clásico.

Polo que respecta á lingua e ao estilo, durante a súa primeira etapa utiliza unha lingua dialectal baseada no galego da comarca do Salnés, pero a partir dos anos vinte vai perfeccionando e corrixindo a lingua como reflexo da tendencia culta do momento. Cabanillas tamén é considerado un gran versificador, utilizando metros e estrofas non empregadas na poesía galega ata o momento (dodecasílabos, alexandrinos...).

Teatro.

Escrebiu *A man da santiña*, por encargo de Vilar Ponte. Trátase dunha comedia en prosa de asunto amoroso e contemporáneo. Foi importante porque nela os señores do pazo falan en galego.

En 1926 publicou *O Mariscal*, obra en verso de inspiración modernista, que realicte a ideoloxía nacionalista. Trata o tema do mariscal Pedro Pardo de Cela, decapitado en Mondoñedo en 1483 por mandato dos Reis Católicos e como represalia pola súa revolta en contra da política centralista destes. A importancia desta obra reside no feito de que se tomou a figura do mariscal como un mito que representou a resistencia da dignidade dos galegos fronte á política asimiladora e centralista de Castela.

AUTORES E OBRAS VANGARDISTAS.

MANUEL ANTONIO (Rianxo 1900-1930) é a figura máis innovadora das vangardas. Representa o nacionalismo galego. Defende o monolingüismo e simboliza a modernización da literatura. É un creador rebelde, radical e individualista.

Naceu en Rianxo en 1900 nun ambiente tradicionalista, poisfoi criado polo seu tío cóengo en Padrón. Estudou Náutica en Vigo e despoiscomezou Filosofía. A súa relación epistolar con Vicente Risco infórmao sobre os diferentes ismos. Entre 1926 e 1927 embarcará no paquebote “Constantino Candeira”, período no que escribe *De catro a catro*, antes de morrer en 1930 de tuberculose.

A súa obra inclúe sete títulos; dous deles en prosa, o manifesto *Máis Alá!* (1922) e *Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribeu* (1924). No manifesto predomina a crítica ao establecido dentro do mundo cultural galego. Tamén é coautor Álvaro Cebreiro. E no Prólogo é un breve texto onde expón as súas ideas do que debe ser a arte literaria.

En canto a súa obra poética inclúense *Con anacos do meu interior* (1920-1922), *Foulas* (1922-25), *Sempre e máis dispois* (1923-24), dentro do período de formación e de aprendizaxe. Neles combínanse elementos tradicionais (métrica, rima, tropos...) con outros máis innovadores (uso expresivo dos recursos tipográficos, caligramas...).

En 1928 publica *Viladomar* e *De catro a catro*. A primeira delas constitúe a recuperación do ton e a forma tradicional das primeiras obras; e a segunda simboliza o seu cume creativo.

Con *De catro a catro* inicia a vangarda plena polo seu carácter rupturista tanto na forma como en contido. Presenta unha disposición topográfica innovadora, e unhas metáforas innovadoras ligadas ao ámbito das ciencias. Nesta obra non se fai alusión nin ao espazo nin ao tempo. Por todo isto, ofrece unha visión do mar insólita no panorama

galego. Tamén pode dar pé a dúas lecturas, unha superficial, que a ve como unha evocación poética dunha travesía marítima e outra de índole filosófica e simbólica.

Este poemario consta de dezanove composicións en forma dun diario dunha travesía que comeza no momento en que o barco se fai ao mar ata que remata, retornando ao punto de partida con *Adeus*, polo que presenta unha estrutura circular pechada (saída, navegación, recalada, regreso). Tamén bota man de símbolos que provocan a transformación dunha viaxe marítima nunha viaxe interior na que os elementos naturais son o reflexo do estado anímico da voz poética ante o paso monótono e repetitivo do paso do tempo.

A ausencia de emoción á hora de expresar os sentimentos e a ausencia de referencias ao espazo e ao tempo permítenos incluír esta obra no Creacionismo. Iso que defendía a existencia autónoma do poema e que, polo tanto, a arte non debería imitar a realidade.

AMADO CARBALLO.

Destaca na corrente hilozoísta ou imaxinista.

Amado Carballo (1901-1927), autor de dous libros de poemas en galego, *Proel* (1927) e *O galo* (1928). Na súa obra mestura elementos tradicionais (métrica popular, ambientación paisaxística rural e mariñeira) e elementos innovadores como a ausencia da figura humana e creación de imaxes sensoriais, ofrecendo unha visión plástica e humanizada da natureza.

Amado Carballo realiza unha auténtica fotografía do instante, escollendo elementos da natureza nun momento concreto do día e do ano e describíndoos.

Publica tamén dous textos narrativos *Maliaxe* (1922) e *Os probes de Deus* (1925).

FERMÍN BOUZA BREY

Destaca na corrente neotrobadoresca.

Fermín Bouza Brey (1901-1973) foi un dos fundadores do SEG e membro da RAG. Escribiu *Nao senlleira* (1933), o primeiro título importante desta corrente. Consta de trece poemas máis unha declaración de intencións (autopoética) e reproduce unha temática paisaxística, o amor e a soidade. Mestura elementos vangardistas (sonoridade) con influencias dos cancioneros na forma (paralelismo, refrán) e no léxico. Tamén escribiu *Seitura* (1955), onde xa se afasta desta corrente e como narrador *Cabalgada do Salnés* (1925).

ÁLVARO CUNQUEIRO.

Destaca na corrente neotrobadoresca.

Álvaro Cunqueiro (1911-1981) foi un importante narrador, dramaturgo e xornalista. Cultivou varias das tendencias vangardistas: o cubismo en *Mar ao norde* (1932), que ten como tema central o mar; o surrealismo en *Poemas do si e do non* (1933), de temática amorosa; e o neotrobadorismo principalmente *En cantiga nova que se chama riveira* e nalgúns poemas de *Dona do corpo delgado* (1950).

RAFAEL DIESTE. (Rianxo, 1899-1981).

Contacta co ambiente galeguista e participa nas Misións Pedagóxicas da II República. No exilio, en Bos Aires, dirixe a editorial Atlántida. Volta a Rianxo en 1961 e en 1970 ingresa na Real Academia Galega.

Obra narrativa.

Escribe un único libro de relatos *Dos arquivos do trasno* (1926). Trátase de oito contos que se sitúan nunha Galicia rural e mariñeira, nun tempo impreciso e protagonizados por uns personaxes populares (o emigrante, o mariñeiro, o neno...).

Esta obra está composta dun prólogo, onde Dieste expón a súa teoría do conto, onde destaca dous puntos esenciais: a unidade emotiva e o final.

As características dos seus relatos son: a brevidade, a intensidade (mínima presenza de personaxes) e a mestura do popular e do culto.

En canto á temática está presente a realidade próxima pero tamén o mundo do marabilloso.

Teatro.

A fiesta baldeira (1927), que é considerada unha obra mestra do xénero teatral. Chea de elementos vangardistas, expón o conflito dun indiano que volve rico da emigración e que se ten que enfrontar ao problema de que a súa muller e a súa filla se avergoncen da orixe social do pai, que se ve obrigado a falsificar a súa personalidade. Ao final, as mulleres arrepiñense e o home recupera a súa identidade. Esta peza supón unha crítica á teima por ocultar as propias raíces cando estas son humildes.

AUTORES E OBRAS DO GRUPO NÓS.

VICENTE RISCO. (Ourense, 1884-1963)

Procede dunha familia acomodada de ideoloxía liberal. Recibe unha ampla formación intelectual e mostrará interese polas novidades artísticas (o vangardismo) e polas culturas alleas (relixións orientais).

En 1917 dirixe La Centuria e en 1920, a revista Nós. Será nese mesmo ano cando se incorpore ás Irmandades da Fala. Risco convértese nun dos principais teorizadores do nacionalismo galego, sobre todo entre 1920 e 1930. Será a partir desa data cando a súa ideoloxía se faga máis conservadora, adheríndose ao franquismo en 1939.

Narrativa.

Risco publicou as seguintes tipos de obras:

-**Relatos breves:** -*Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* (1919). Relato de carácter humorístico que ten como escenario o mundo de ultratumba; -*O lobo da xente e A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, narracións inspiradas en lendas: a primeira no lobishome e a outra, nos mouros.

-**Novela:** *O porco de pé* (1928), de carácter satírico e burlesco, o protagonista, don Celidonio, é un home inculto que logra ser alcalde e acaba converténdose en heroe da cidade.

Risco satiriza aquí á clase burguesa, sen cultura e consumista, e búrlase dos intelectuais acomodados que ceden á presión das aparencias e do materialismo, certificando así o trunfo das masas e da vulgaridade.

Teatro.

Só ten unha obra, *O bufón de El rei*, 1928. A acción sitúase nunha corte medieval de tipo artúrico. Unha raíña adúltera e o seu amante son delatados ante o monarca por un bufón celoso. Ao final, o amante resulta ser irmán do bufón.

Ensaio.

Nas súas obras pon de manifesto as súas ideas sobre o noso país e a súa intención eminentemente didáctica. Publica *Teoría do nacionalismo galego* (1920), onde xustifica os pensamentos acerca do nacionalismo; *Nós, os inadaptados* (1933), na que explica a ideoloxía dos integrantes do Cenáculo Ourenán e *Mitteleuropa* (1934), narra a odisea vivida polo autor na viaxe realizada a Alemaña.

OTERO PEDRAYO. (Ourense, 1888-1976).

Adhirose ao ideario das Irmandades da Fala e colabora no xornal A Nosa Terra e na revista Nós.

Obtén a cátedra de Xeografía e Historia, da cal é apartado ata 1950 polo réxime franquista.

O coñecemento da fidalguía e o campesiñado, así como o compromiso polo galeguismo son as bases do seu mundo literario.

Narrativa.

Cultivou todos os xéneros, pero como maior renome conseguiu foi como narrador.

Clasificamos a súa obra narrativa en:

-Novelas histórico-culturalistas: *-A romeiría de Xelmirez* (1934) e *Fra Venero* (1934).

-Novelas e libros de contos histórico-realistas: *Pantelas, home libre* (1925), *Os camiños da vida* (1928), *Entre a vendima e a castiñeira ...*

-Novelas psicolóxicas: *Arredor de si* (1930), *Devalar* (1935)...

Nas novelas destacamos as seguintes:

-*Os camiños da vida*: describe a decadencia de dúas familias nobres do século XIX, que simbolizan o traspaso do poder da fidalguía rural á nacente burguesía urbana, e con iso a desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada pola fidalguía e o clero.³

-*Arredor de si*: é o retrato da súa propia xeración. A través do protagonista, Adrián Solovio, que é trasunto do propio Otero, nármanos o proceso de concienciación galeguista del e do Grupo Nós.

Teatro.

A pesar das influencias europeas achegadas por Castelao, o seu teatro é máis apropiado para a lectura que para a representación dramática.

A lagarada (1929) é unha traxedia na que loitan o amor e a cobiza inmersos no ambiente da recollida e elaboración do viño.

O desengano do prioiro (1952). Un vello prioiro regresa de ultratumba e séntese ofendido porque a súa vila, que antes destinaba a madeira para facer cubas para o viño, destinaa agora para a fabricación de féretros.

Teatro de máscaras (1975). É a obra que representa unha maior influencia do Teatro da Arte. Trátase dun conxunto de pezas moi breves que ás veces son simples esbozos teatrais.

Ensaio.

Na súa obra ensaística é extensísima. Comprende centos e centos de páxinas dedicadas a temas moi diversos (xeografía, historia, literatura, filosofía...), mais case sempre relacionados directa ou indirectamente con Galicia. Destaca o ensaio xeográfico e de viaxes *Pelerinaxes* (1929).

CASTELAO. (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950)

Procede dunha familia de emigrantes galegos. Cursa estudos de Medicina. En 1912 adhírese ao movemento agrarista e en 1920 asume a dirección artística da revista Nós. Durante a II República foi deputado polo PG e despois da Guerra Civil exíliase a Bos Aires.

Obra narrativa.

En canto á súa obra narrativa escribiu: *Un ollo de vidro* (1922), *Cousas* (1926), *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934).

-*Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922): é unha historia humorística sobre o mundo de ultratumba.

-*Cousas* (1926): son 45 narracións líricas, acompañadas dunha ilustración que apoia o contido. Están inspiradas nas clases populares.

-*Retrincos* (1934): composto por cinco relatos de carácter autobiográfico onde se evocan vivencias da infancia e da adolescencia.

-*Os dous e sempre* (1934): é a súa única novela que se estrutura ao redor de dous personaxes, Rañolas e Pedriño, que presentan dous modos de afrontar a vida distintos: a dos conformistas e a dos idealistas.

Os temas que están presentes na obra de Castelao son: o humanismo e o compromiso cos máis débiles, a crítica á marxinação económica de Galicia, o protagonismo das clases populares e a defensa da lingua galega.

Teatro.

Só ten unha obra teatral: *Os vellos non deben namorarse*. Comezouna antes da Guerra Civil e rematouna estreándoa en Bos Aires (1941) durante o seu exilio. Publicada en 1953, a obra divídese en tres lances de estrutura e temas moi semellantes: tres vellos ricos (un burgués, un fidalgo e un labrego acomodado) que se namoran de tres mozas pobres e que, por intentaren conseguir o seu amor, acaban morrendo. A obra remata cun epílogo no que os tres homes xa mortos, dialogan no cemiterio sobre a vida das súas namoradas. O tema é esencialmente trágico, pero este é tratado dun xeito humorístico e crítico: os vellos confiados no poder dos cartos e cegados no seu amor, son obxecto de burla non só das mozas senón tamén do pobo.

Castelao concibe a obra teatral como un espectáculo global no que ha de contar non só o texto, senón tamén a música, as luces, as cores... todo aquilo que fai que os diálogos ou monólogos teñan unha gran forza expresiva.

Ensaio.

Escrebe *Sempre en Galiza* (1944), considerado o texto máis significativo e emblemático na historia do pensamento galego. Trátase dun ideario nacionalista, onde o autor expón o seu pensamento político sobre a patria, a nación e o Estado.

AUTORES/AS E OBRAS 1936-1976.

POESÍA

XERACIÓN DO 36.

CELSE EMILIO FERREIRO: a súa voz principal tras o éxito de **Longa noite de pedra** (1962), que marca o triunfo do realismo social ata principios dos 70. Dominan os poemas combativos, a defensa de Galicia e da clase traballadora, pero atopamos tamén poemas intimistas (nostalxia da infancia) e poemas amorosos dedicados á súa dona.

O soño sulagado (1954) é a súa primeira obra publicada onde xa aparecen temas que van ser constantes na súa obra: o mundo da infancia, o antibelicismo, a desesperanza, a realidade social, etc.

Polo tanto as tres temáticas que se manifestan entretécidas son: a cívica, a intimista (**Onde o mundo se chama Celanova**, de 1975. Presenza de lirismo, amor e lembranzas) e a satírica (**Viaxe ao país dos ananos**, de 1968. Ataques aos sectores insolidarios da emigración galega). Outros títulos deste autor son: **Cemiterio privado** (1974) ou **Cantigas de escarnio e maldecir** (1968), de carácter satírico.

O estilo deste autor caracterízase polo uso dun rexistro coloquial que facilita a comunicación cos lectores e o prosaísmo crítico. Abundan as alegorías e o simbolismo para representar dous mundos contrapostos: un positivo de luz, liberdade e xustiza, fronte ao negativo da escuridade, opresión e inxustiza.

Celso Emilio Ferreiro convértese na voz de toda a sociedade que se identifica coas súas denuncias e ansias de liberdade.

MARÍA MARIÑO, con **Palabra no tempo e Verba que comeza**, lembran o intimismo desacougante de Rosalía e abordan a fusión mística coa natureza e mais o presentimento da morte cunha estética revolucionaria pola que foi denominada “a dinamiteira da fala”.

LUÍS PIMENTEL con **Sombra do aire na herba**, intimismo sentimental con achegas surrealistas, elaborado maiormente antes da guerra.

XERACIÓN DA PROMOCIÓN DE ENLACE.

ANTÓN TOVAR. Publicou en galego **Arredores** (1962), **Non** (1967), **Calados esconxuros** (1980) ou **A nada destemida** (1991)..., poemarios intimistas de soidade e desánimo cun estilo sinxelo e musical. A súa é unha poesía intimista na que non está ausente a preocupación política e social.

LUZ POZO GARZA autora de **Concerto de outono** ou **Códice Calixtino**, unha poesía culta, chea de referencias artísticas e literarias, que evoluciona do vitalismo dominado polo amor a unha visión máis nostálxica e de ton elexíaco.

MANUEL CUÑA NOVÁS. A súa obra máis influínte é, sen dúbida, **Fabulario Novo**, coa que se inaugura a “Escola de Tebra”, e onde mestura poemas de tendencias de preguerra con outros de imaxes herméticas nos que mostra angustia e desespero.

Tebras, terror, escuridade e desacougo están presentes nesta obra. Trátase, pois, dunha poesía existencialista cunha visión angustiada e pesimista da vida.

XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS OU DOS 50.

MANUEL MARÍA.

Poesía

Escrebiu en poesía Documentos persoais dentro da liña socialrealista e Terra Cha, na intimista.

Teatro.

Auto do labrego, Farsa de Bululú e poemas dramatizados, textos infantís, autos, farsas e dramas épicos. Como na súa importante obra poética, emprega o teatro como instrumento reivindicativo e de concienciación nacional.

MÉNDEZ FERRÍN

Poesía.

Autor de **Antoloxía popular**, logo convertida en **Poesía enteira de Heriberto Bens**, centrada na temática política e reivindicativa, pero de gran nivel formal con achega de recursos clásicos e vangardistas.

Con pólvora e magnolias. O título desta obra sintetiza o seu carácter: persiste a poesía revolucionaria (“pólvora”), pero aparece intimismo de gran preocupación estética: (“magnolias”). Os temas da nostalgia, o paso do tempo ou a presenza inexorable da morte son agora tratados cun coidado exquisito da forma en poemas de rexistro culto e cheos de variadas referencias culturais clásicas e modernas, como a pegada da xeración beat americana.

Narrativa.

As súas tres primeiras obras (**Percival e outras historias, O crepúsculo e as formigas e Arrabaldo do norte**) encádranse claramente dentro das características da NNG: personaxes problemáticos (violentos, incomunicados, con diversas patoloxías...), espazos urbanos, estilo menos elaborado... A partir de **Retorno a Tagen Ata**, o experimentalismo vaise reducindo, ao tempo que a realidade social e política galega vai cobrando máis peso.

A súa obra caracterízase por unha constante relación entre realidade e fantasía. Realiza unha reconstrución e interpretación dun pasado mítico que remite á cultura celta ou á materia artúrica. Abundan na súa narrativa os topónimos e antropónimos de aparencia céltica, oriental ou nórdica: Ulm, Nmógadah, Hannak Oberzen, Grieih... En liña con esta característica, pódese salientar tamén a creación de espazos literarios propios cargados de simbolismo: Tagen Ata, Terra Ancha, Grande Fraga.

UXÍO NOVONEYRA, cumio da poesía paisaxística galega con Os eidos: unión mística coa natureza do Courel e unha estilística novidosa en poemas breves dominados eufonicamente pola linguaxe courelá e o fonsimbolismo.

NARRATIVA.

XERACIÓN DO 36.

ÁNCEL FOLE (Realismo popular)

Entre as súas obras (**Terra brava, Contos na néboa, Historias que ninguén cre**) destaca **Á lus do candil**, un conxunto de relatos de tipo oral nos que predomina a temática sobrenatural, relacionada coa comarca do Courel, tratados moitas veces cun sentido humorístico. Están enmarcados dentro dunha estrutura unificadora: son relatados por unha serie de personaxes reunidos varias noites ao redor do nunha vella torre durante unha gran nevarada que os mantén incomunicados.

EDUARDO BLANCO AMOR (Realismo social)

Os biosbardos é un conxunto de sete relatos protagonizados e relatados en primeira persoa por rapaces (maioritariamente de condición humilde) nos que se representa un mundo infantil misterioso e cheo de emocións. Na reconstrución do Ourense da infancia do autor subxace unha certa crítica social.

Xente ao lonxe constitúe unha visión da sociedade ourensá dos inicios do século XX. Narra a crónica dunha familia de clase traballadora e nela analiza o contexto sociopolítico da época, ao tempo que describe a evolución persoal do seu protagonista adolescente. Formalmente, destaca a alternancia de narradores.

A súa obra máis importante é **A esmorga**. É unha das novelas máis relevantes e influentes da literatura galega. Conta a historia de tres homes que, durante un día de esmorga, viven unha serie de tráxicas peripecias que os conducen inexorablemente á morte e ao cárcere. Presenta un grande número de personaxes, que representan todos os estratos sociais, entre os que destacan os tres protagonistas. Cibrán, o narrador, é un home sen vontade, incapaz de gobernar a súa propia vida, e déixase arrastrar cara á traxedia; Bocas é caracterizado como irreflexivo, violento e de forte personalidade; e Milhomes, como covarde e efeminado. A novela distribúese estruturalmente en tres partes: un prólogo no que un autor-editor descobre a historia que se vai contar (“Documentación”), a declaración perante o xuíz de Cibrán, que constitúe o núcleo argumental da obra e un breve epílogo no que a autor-editor reaparece para informar da morte de Cibrán. Pódese considerar unha novela sociolóxica na que se presentan dous mundos enfrontados que se rexen por códigos e normas diferentes: o do poder, asociado á opresión e ao emprego do castelán, e o das clases populares, ignorantes e alienadas, asociadas ao emprego do galego, que sofren, nunha atmosfera de fatalismo, as consecuencias dunha sociedade opresiva. A obra ofrece características formais renovadoras, que serán recollidas polos autores da Nova Narrativa Galega, como a redución temporal da acción (24 horas), a ambientación urbana ou periurbana, a presenza de personaxes marxinais, problemáticos, movidos pola violencia e as fobias e o emprego dunha linguaxe coloquial.

Teatro.

Eduardo Blanco Amor, cuxa obra dramática pode dividirse en farsas, pezas imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos e autos, pezas de realismo costumista que recrean situacións do mundo rural galego. As súas pezas aparecen recollidas en dous volumes de gran popularidade, **Farsas para títeres e Teatro pra a xente**.

ÁLVARO CUNQUEIRO (Realismo fantástico)

Merlín e familia é unha sucesión de historias autónomas vertebradas arredor do personaxe de Merlín, que recibe no seu pazo de Miranda a visita de numerosos visitantes de terras distantes que lle presentan o seu caso ao mago e solicitan o seu

consello. A estrutura destas historias é constante: presentación do caso, exposición do problema e solución proposta por Merlín. O relato está contado desde a perspectiva do paxe, Felipe de Amancia, narrador testemuña.

Se en **Merlín e familia** se achega á temática artúrica, en **Si o vello Sinbad volveuse ás illas**, Cunqueiro parte do personaxe e do ambiente das historias das Mil e unha noites. Presenta un Sinbad vello, retirado no país de Bolanda, que relata (coa axuda non só da memoria senón tamén da imaxinación) historias pasadas, mentres agarda conseguir unha nova nave que lle permita regresar ás aventuras do mar. A narración, centrada nun protagonista soñador, fracasado e nostálxico, flutúa entre a realidade e o soño, cuxos límites se revelan difíciles de percibir.

N' **As crónicas do sochantre**, a acción sitúase na Bretaña francesa, na época da Revolución francesa. O personaxe principal, o sochantre (eclesiástico que dirixe un coro) de Pontivy é recollido por unha carruaxe na que viaxan varios defuntos, que lle relatan as súas historias.

As semblanzas están integradas por tres libros: **Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá e Os outros feirantes**. De características semellantes, estas obras están integradas por relatos de grande brevidade. As temáticas son variadas: os oficios, a emigración, as malformacións físicas, os “creadores” ou soñadores, os tolos... Entroncadas na oralidade, supoñen unha excelente mostra do realismo fantástico do autor.

Teatro.

Álvaro Cunqueiro é autor de **O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca**, unha das obras máis importantes e máis representadas do teatro galego, onde realiza unha orixinal versión do drama shakespeariano na que o rei usurpador resulta ser o verdadeiro pai do príncipe. Nesta profunda reflexión sobre a natureza humana están tamén presentes o humor e a ironía.

XOSÉ NEIRA VILAS (Realismo social, subxénero Memoria de infancia)

Entre as súas obras (**Cartas a Lelo, Xente no rodicio, Camiño bretemoso, Querido Tomás**), destaca **Memorias dun neno labrego**. É unha das novelas máis vendidas, traducidas e divulgadas da nosa literatura. Narra, desde a óptica crítica dun neno (Balbino), a vida dunha aldea galega da posguerra. Nela, dáse unha visión do rural de miseria económica e moral, de opresión e inxustiza, de carencia de perspectivas de futuro. Fronte a este mundo, só se ofrece como alternativa salvadora a posibilidade da emigración. A novela está estruturada en breves capítulos que conforman unidades narrativas autónomas

AUTORES/AS 1976 Á ACTUALIDADE.